

A división sexual do traballo

A división sexual persistente no traballo da matanza perpetúa a orde tradicional establecida. O home mantén o seu liderado; el é o máis capacitado para as tarefas que requiren unha determinada cualificación (matar, chamuscar, abrir o porco, partilo e salgalo), de aí a semi-profesionalización da figura do “matachín”. Á muller só lle quedan aquelas tarefas que, non por seren menos complexas, requiren un menor esforzo físico (preparar as tripas, escoller a carne, preparar a zorza, facer os embutidos,...).

Os traballos que a muller realiza e torno á matanza remítenos a un modelo tradicional de muller que tiña asignadas as tarefas relacionadas coa produción de bens materiais, coa reprodución biolóxica, e coa socialización, alimentación e coidados dentro da casa. Desde estas perspectivas enténdese que xeralmente sexa ela a encargada de cebar os porcos. Se estes “saen bos” e “collen quilos”, a muller cumprirá co seu cometido: contribuír ao aumento dos bens materiais e dos recursos económicos da casa (sempre e cando algún porco cebado fora vendido).

As tarefas asignadas á muller na matanza foron perpetuándose de xeración en xeración, ata o punto de que si ela realiza algún traballo propio dos homes (chamuscar, partir, e xa non digamos matar) pode ser considerada coma un “marimacho” (con perfil e actitudes varonís) polo resto da comunidade. O mesmo acontece no caso dos homes, sendo difícil afacerse á idea de ver a un destes limpando e lavando as tripas nun regueiro ou atando nos chourizos. Se o fan é porque ou ben non hai unha muller na casa, ou ben esta non sabe cumprir co seu cometido por tradición.

Esta distribución das tarefas non hai que entendela desde a dualidade machismo / feminismo. Máis ben hai que vela desde o que Margaret Bullen chama *matriarcalismo*: a aceptación dos roles tradicionais, nos que se atende máis á calidade (o que se debe facer por tradición) que á cantidade (o que se podería facer por gañas e afán de superación)¹. Así é como o home e a muller manteñen definidos os seus espazos nas distintas tarefas que leva consigo a matanza. O traballo feminino non queda reducido a mero soporte das actividades masculinas, senón que ten valor e entidade propia. Iso si, quizais se vexa menos valorado porque son os homes os que teñen que

¹ .- BULLEN, M.; “Cambio y confrontación en los alardes de Irán y Hondarribia”, en **Rodríguez Campos, X. S.** (Coord.); *Antropología del género*. VIII Congreso de Antropología. Federación de Asociaciones de Antropología del Estado Español y Asociación Galega de Antropología. Santiago de Compostela 1999; p. 73.

realizar aquelas tarefas que implican un maior contacto co porco (agarre, matanza, despece e salgadura).

Texto tirado do artigo ***A matanza. Cultura e tradición*** (Descubriendo Deza, nº 11, 2011)